



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>QP2 (silvicultura en monte alto)</b>
ESPECIE PRINCIPAL:	Reboleiras ( <i>Quercus pyrenaica Will.</i> ) como especie principal, presenza posible doutras especies en mestura, en particular carballo.
OBXECTIVO:	Multiproducción de reboleiras en monte alto: leñas, madeira, pastoreo extensivo, aproveitamentos cinexéticos e micolóxicos.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais. Reboleiras de calquera calidade de estación, procedentes de rexeneración natural por rebrote ou por semente.	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Marco e densidade de plantación	Variables segundo a idade, evolucionando dende 2.000-2.500 pés/ha para monte bravo ata 400 pés/ha de alto fustes que acaden as cortas de rexeneración. Manterase o índice de espazado de Hart-Becking entre 24 e 28%.
Mantementos	Control da vexetación de subpiso que poida supoñer risco de incendio, ben mediante o manexo de gando ou por medios mecánicos. Será adecuada a apertura mecanizada de faixas rozadas de 3 m de largo cada 25 m en montes bravos.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Resalveo de conversión	Sobre tallares (montes baixos) que se pretendan converter, aplicaríase resalveo de conversión en monte baixo, mediante primeira rarea de resalveo sobre formacións con diámetros medios de 10-15 cm, intervencións sobre brotes da mesma cepa, deixando polo menos un resalvo por cepa. Evitar reducións de máis do 20% da fracción de cabida cuberta (FCC). A introdución de gando permitirá reducir a intensidade do rebrote.
Podas de formación	Non serán en xeral necesarias, agás no caso da primeira rarea ou resalveo de conversión.
Rareas	Rareas sucesivas desde os 30 anos, tanto en montes altos preexistentes como en formacións en proceso de conversión (alto fustes sobre cepas) con rotación de 10 anos. Procurarase manter arborado con índice de esveltez inferior a 70 e con copa ben desenvolta, para evitar gromos epicórmicos. Para unha calidade de estación intermedia (IS=11 m a 30 anos), aplicaranse 3 rareas, con extraccións de 15 a 30 m <sup>3</sup> /ha de madeira para leñas. Recoméndase respectar arborado doutras frondosas autóctonas nas rareas.





<b>CORTAS DE REXENERACIÓN E CONSERVACIÓN DE HÁBITATS</b>	
Conservación de hábitats	Asegurarase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade. Dentro de Rede natura 2000, estarase ao indicado no Plan Director da mesma.
Idade de corta	80 a 120 anos, con 400 pés/ha duns 32 cm de diámetro normal na calidade media, altura dominante de 22-24 m. Crecemento medio de 3 m <sup>3</sup> /ha e ano na calidade media. Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios.
Métodos de corta	A comezar aos 80-120 anos, con existencias >175 m <sup>3</sup> /ha, sendo posible e desexable o mantemento de arboredo de maior idade e a reserva de arboredo sen apear. Intervencións de rareo sucesivo buscarán a rexeneración por landra.

